

O OURIZO

Os soños na gaiola

Manuel María

Co seu ouro vello, mol,
o ourizo ouriceiro
toma o sol
no bico dun castiñeiro.

Tal un señor moi mandón:
no bico dun castiñeiro
o ourizón
toma o sol moi riseiro.


O ourizo está moi ledo
coa súa casa ben pechada
-ouh, que medo!-
de espiñas toda cercada.

Quer botar unha risada
e os seus dentes arregaña
case un nada:
e xa fuxiu a castaña...!




QUE LEMBRAS DO POEMA O OURIZO?


1. Que arregañou o ourizo?



2. Que lle caeu ao ourizo cando botou unha risada?



3. Un verso é un conxunto de palabras que se corresponde cunha soa liña dun texto poético. Saberías indicar cantos versos ten a poesía *O ourizo*?



4. E xa sabes que unha estrofa é cada unha das divisións dun poema e que está formada por versos. Cantas estrofas ten o poema?

5. En que estrofa nos di que...? Une.

Como ten a súa casa o
ourizo.

1ª

Como toma o sol no bico
do castiñeiro

2ª

O que lle pasou ao botar
unha risada.

3ª

O motivo polo que está
moi ledo.

4ª

6. Clasifica as palabras do poema segundo rematen en:

ledo risada ouriceiro mol castiñeiro nada
cercada sol pechada riseiro medo

-ol	-eiro	-ada	-edo

7. Cal é a solución desta adiviña?

Alto vivo,
mírame a xente
e se me río
quedo sen dente.
Que é?